

O mellor producto é do país

A primeira edición da 'Feira do cooperativismo e consumo responsable' reuniu en Melón a máis de 20 expositores de toda Galicia, co obxectivo de potenciar os produtos autóctonos e difundir os recursos turístico

X.A. REBOIRO. MELÓN - 11-10-2010

O pavillón polideportivo da localidade de Quins, no municipio de Melón, acolleu onte a primeira edición da 'Feira do cooperativismo e do consumo responsable', organizada polo Concello coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar. Un total de 21 expositores amosaron as experiencias acadadas por empresas cooperativas no aproveitamento dos recursos endóxeos, a meirande parte centrados no desenvolvemento de actividades vencelladas coa produción agrícola e gandeira.



Porcos en poliéster, na Feira de Melón.

Así, entre as casetas instaladas no recinto deportivo, os visitantes podían atopar unha variada oferta de produtos derivados do agro e procedentes das catro provincias galegas. Empresas adicadas á comercialización de froitos secos, coma é o caso de castañas e noces e a súa transformación en marmeladas; mel e xalea real de colmeas ubicadas nas serras de Lugo e Pontevedra, e tamén xamóns, lacóns, paletas e lomos curados de porcos autóctonos. Tamén estivo presente a elaboración de licores de augardente, herbas, café, guindas e fresas, ademais de traballos de artesanía en area, coiro, liño e lá, entre os máis destacados.

OBXECTIVOS

Un dos promotores deste evento, José Luis Alves, sinala que 'o que pretendemos é o intercambio de puntos de vista con cooperativas xa formadas e en pleno rendimento, para conquistar que outros produtores se animen a xuntarse e crear este tipo de empresas solidarias a nivel de capital'. Outro aspecto desta feira é 'amosar novos produtos e poñer en valor os xa coñecidos, de xeito que as asociacións se poidan implicar no desenvolvemento do territorio galego, coa exposición e difusión dos valores culturais, patrimoniais, turísticos e naturais das comarcas, coma é o caso do Ribeiro'. O alcalde de Melón, Alberto Pardellas, apuntou que 'tivemos a iniciativa de poñer en marcha esta feira, conscientes da importancia da fórmula cooperativa no tecido empresarial do noso país, e seguindo coa política do Concello de fomentar este tipo de entidades como medio e desenvolvemento do territorio e do emprego'.

O rexedor engadiu que 'é unha oportunidade que teñen os veciños de Melón e da comarca para achegarse a este tipo de actividades empresariais e coñecer os produtos ecolóxicos e de artesanía que se elaboran na actualidade'. Pardellas confía 'na continuidade da feira, nunha segunda edición que encha un oco no programa de lecer do noso municipio'.

Na actualidade, existe un total de 80 cooperativas asociadas en Galicia, agrupadas nas federacións Ugacota e Eixo, que están en trámites de executar un proxecto de fusión que sumaría ó redor de 4.000 socios cooperativistas, según os datos facilitados por José Luis Alves. Todo elo, sen contar as grandes empresas cooperativas xa consolidadas de hai moitas décadas na provincia, como son Coren ou a Vitivinícola do Ribeiro, entre as máis coñecidas.